



FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
REGISTRO XERAL

ENTRADA N.º 490

SAÍDA N.º _____

DATA 31 / 10 / 18

INFORME PROVISIONAL

AUDITORÍA DE OPERACIÓNS

PCF2018/28

76816858D
MARIA
TERESA
CUÑARRO (R:
B32468647)

Firmado
digitalmente por
76816858D MARIA
TERESA CUÑARRO
(R: B32468647)
Fecha: 2018.10.30
14:21:05 +01'00'

CASTRO-
GIL AMIGO
MANUEL -
33851078T

Firmado digitalmente por
CASTRO-GIL AMIGO
MANUEL - 33851078T
Nombre de reconocimiento
(DN): c=ES,
serialNumber=IDCES-33851
078T, givenName=MANUEL,
sn=CASTRO-GIL AMIGO,
cn=CASTRO-GIL AMIGO
MANUEL - 33851078T
Fecha: 2018.10.27 19:43:41
+02'00'



<u>ÍNDICE</u>	<u>PÁGINA</u>
1 INTRODUCCIÓN	2
2 FICHA TÉCNICA	3
3 OBXECTIVOS, ALCANCE E LIMITACIÓNS	8
4 RESULTADOS E CONCLUSIÓNS	11
5 DITAMEN	17
6 RECOMENDACIÓNS	18

1. INTRODUCCIÓN

O capítulo I do Título V do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, prescribe as condicións de execución e desenvolvemento do control interno da actividade económica e financeira da Comunidade. En particular, o artigo 93 da norma atribúe á Intervención Xeral a competencia de execución, sen prexuízo das competencias do Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, do Tribunal de Contas. O artigo 94 concreta o alcance e destinatarios do control financeiro, que se exercerá respecto das sociedades mercantís, empresas, entidades e particulares por razón das subvencións, créditos, avais e demais axudas da Comunidade o dos seus organismos autónomos, concedidas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade. O artigo 103 establece o principio de independencia e autonomía na execución do control, que poderá realizarse en réxime permanente ou ordinario, e identifica a realización de auditorías como instrumento para o seu exercicio. Por fin o artigo 107 concentra as actividades de control no marco dun Plan anual de auditorías e habilita a Intervención Xeral ao recurso da colaboración con empresas privadas de auditoría.

O Decreto 101/2014, de 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda asigna á subdirección xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións as competencias atribuídas á Intervención Xeral nestas materias.

Con data 26/02/2015 aprobouse a Estratexia de auditoría de subvencións financiadas con fondos non comunitarios para o período 2015-2018. En consonancia, o 15/12/2017 aprobouse o Plan Anual de Auditoría para 2018.

Rematado o proceso de licitación pertinente, o 28/02/2018 a Consellería de Facenda asinou contrato de servizo coa empresa BM NEIRA AUDITORES, SLP para a colaboración coa subdirección xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións na realización dos controis previstos no Plan Anual, e por tanto, do control que se informa.

Este informe ten carácter provisional. O destinatario poderá presentar cantas alegacións estime oportunas durante un prazo de 15 días hábiles a contar desde a súa recepción. Transcorrido o prazo outorgado emitirase informe definitivo que incluírá as alegacións recibidas e as observacións do órgano de control. De non constar alegacións o informe provisional elevarase a definitivo.

2. FICHA TÉCNICA

2.1. DATOS DA OPERACIÓN

UNIDADE XESTORA Dirección Xeral de Conservación da Natureza					
BENEFICIARIO FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA					
OPERACIÓN 13-2016-07-20-002670					
Código XUMCO	2016-07-00660		Tipo operación		313
Financiamento	FONDOS PROPIOS (%) 1030			(%) 3030	
Execución	Anual	Anos	1	Inicio	2016
Prórroga	NON	Anos	-	Total	1
DATOS CONTABLES E PAGOS					
Aplicación		07-04-541B-481.0		Proxecto	201600362
A	25.000,00	Data	10/08/2016	Xustificante	25.148,48
D	25.000,00	Data	17/10/2016	Xustificado xestor	25.148,48
OK	25.000,00	Data	21/11/2016	Xustificado IXCA	25.148,48



O		Data		Anticipo	-	
K		Data		Pago a conta	-	
K		Data		Pago final	25.000,00	
P		Data		Pago total	25.000,00	100
P		Data		Garantía	-	
SEGUIMIENTO E REINTEGRO						
Reintegro	Non	Importe	-	%	-	
Acordo inicio	Data	Procedencia	Data	Data ingreso	-	
Libera aval	Non	Importe	-	Data libera	-	

2.2. NORMATIVA REGULADORA

Normativa estatal:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, .
- Real Decreto 887/ 2007, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de subvencións.

Normativa autonómica:

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Normativa Unión Europea:

- Tratado de Funcionamento da Unión Europea
- Regulamento (CE) 994/98 do Consello, do 7 de maio de 1998, sobre a aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE a determinadas categorías de axudas estatais.
- Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior.
- Regulamento (UE) 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior.
- Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas de minimis.

2.3. METODOLOXÍA DE AUDITORÍA E MOSTRAXE

A mostra seleccionase consonte aos criterios definidos na Estratexia de auditoría de subvencións de fondos non comunitarios para o período 2015-2018, aprobada por Resolución da IXCA do 26/02/2015. A asignación anual de auditorías estratifícase por tipo de subvención (ordinaria/concesión directa) e Consellería, en función do nivel de risco identificado. A poboación obxectivo integra o conxunto de referencias contables pagadas nas dúas campañas anteriores á de selección. En 2018 a selección integra axudas das Consellerías de Presidencia, Vicepresidencia e Medio Ambiente.

A estratificación deriva na conformación de poboacións de tamaño reducido. Nesta situación a selección da mostra faise mediante un método aleatorio non estatístico, tomando en consideración o risco inherente e o risco de control, segundo a seguinte indicación.

RI	RC	MOSTRA (% POBOACIÓN)
Baixo	Funciona ben	10 %
Baixo	Funciona	15 %
Baixo	Funciona parcialmente	20 %
Baixo	Non funciona	25 %
Alto	Funciona ben	15 %

Alto	Funciona	20 %
Alto	Funciona parcialmente	25 %
Alto	No funciona	30 %

Para a selección 2018 considérase un RI "alto" e un RC "funciona", que determina a selección dunha mostra do 20 % das referencias contables identificadas. En todo caso, incorpórase a condición de auditar cando menos unha referencia por unidade de xestión. As referencias que integran máis dunha operación contable son obxecto de submostraxe, igualmente baixo criterios aleatorios non estatísticos.

2.4. EQUIPO DE TRABAJO

O equipo de auditores da empresa BM NEIRA AUDITORES, SLP está formado polas seguintes persoas:

Xefe de equipo	Teresa Cuñarro López
Auditor	Borja Framiñán González
Auditor	Gonzalo Losada Lorenzo
Auditor	Yolanda González Álvarez

A auditoría realízase baixo a dirección técnica da subdirección xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións:

Subdirector xeral	Manuel Castro-Gil Amigo
Xefa de servizo	Clara Míguez Pastoriza

2.5. CONFORMIDADE A NORMAS DE AUDITORÍA

Na realización do presente traballo a IXCA adaptou a súa actuación ás normas técnicas de auditoría do sector público aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado e, subsidiariamente, ás Normas Internacionais das Entidades Fiscalizadoras Superiores (ISSAIs) emitidas por la INTOSAI. Así mesmo, a empresa auditora adapta os seus procedementos ás Normas Internacionais de Auditoría da IFAC (NIAs), adaptadas pola ICAC para a súa aplicación en España.

3. OBXECTIVOS, ALCANCE E LIMITACIÓNS

3.1. OBXECTIVOS

Consonte ao disposto na Lei 9/2007 o control financeiro de subvencións ten por obxecto:

01 - Preparación

Verificar o cumprimento dos requisitos previos para o outorgamento da subvención.

02 - Concesión e aprobación

Verificar a legalidade e regularidade do procedemento de concesión e aprobación das axudas

03 - Execución

Verificar a legalidade e regularidade da execución do obxecto subvencionado

04 - Xustificación

Verificar a legalidade e regularidade da xustificación da subvención

05 - Pago

Verificar a legalidade e regularidade do pago da subvención.

3.2. ALCANCE

Para o cumprimento dos obxectivos previstos realizáronse probas de auditoría, que inclúen visitas in situ a beneficiarios e unidades xestoras, a revisión física dos elementos materiais do gasto, a circularización a provedores e/ou destinatarios finais e a análise da documentación dispoñible. En concreto, as probas planificáronse para verificar os seguintes extremos, en relación cos obxectivos definidos:

01 - Preparación

01. 01

Comprobar se a operación está afectada pola normativa comunitaria en materia de axudas de estado e, se procede, verificar que cumpre as esixencias dos artigos 107 e 108 del TFUE en relación cos requisitos de notificación ou comunicación á Comisión e as axudas afectadas se axustan ás condicións autorizadas para cada caso. (Lei 9/2007 art. 6; Decreto 11/2009 art. 17)

01. 02

Verificar que o instrumento de convenio se elabora conforme á normativa reguladora estatal e autonómica;

01. 03

Verificar o respecto dos requisitos xerais das subvencións públicas (Lei 9/2007_Art 6)



02 - Concesión e aprobación

02. 01

Verificar a legalidade e regularidade da iniciación do procedemento

02. 02

Verificar a legalidade e regularidade da instrución do procedemento

02. 03

Verificar a legalidade e regularidade da aprobación do procedemento

03 - Execución

03. 01

Verificar a realidade e regularidade das operacións

03. 02

Verificar o cumprimento por parte dos beneficiarios das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención

03. 03

Verificar a subvencionalidade dos gastos xustificadas.

03. 05

Verificar a existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á administración por beneficiarios/entidades colaboradoras que puidesen afectar á subvención e que puideran afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á axeitada e correcta obtención, utilización, desfrute ou xustificación da subvención, así como a regularidade das operacións financiadas.

04 - Xustificación

04. 01

Comprobar a presentación de xustificación no prazo previsto.

04. 02

No caso de xustificación mediante conta xustificativa, comprobar a súa integridade e corrección.

04. 05

Comprobar a fiabilidade e exhaustividade do procedemento de comprobación da subvención.

05 - Pago

05. 01

Comprobar a legalidade e regularidade do pago

3.3. LIMITACIÓNS AO ALCANCE

Durante a execución da auditoría e, particularmente, nas visitas “in situ”, non se produciron limitacións ao alcance que impidiran a verificación dos extremos indicados nos epígrafes anteriores.

4. RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

4.1. VISITAS E ACTIVIDADES DE CONTROL

Con data 17/04/2018 cursouse visita a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, co fin de revisar o procedemento de concesión da axuda obxecto de control, así como os documentos xustificativos que constitúen a pista de auditoría.

Con data 28/05/2018 realizouse visita de verificación in situ a FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA co fin de revisar a execución da operación maila existencia de pista de auditoría de documentos xustificativos.

4.2. RESULTADOS

01 - Preparación

Verificar o cumprimento dos requisitos previos para o outorgamento da subvención.

01.01 *Favorable*

Compróbase que a operación non está afectada pola normativa comunitaria en materia de axudas de estado. En concreto, o informe preceptivo emitido pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos así o sinala. Constátase que esta asignación é correcta.

01.02 *Favorable*

Non aplicable

01.03 *Favorable*

Despois do traballo desenvolvido podemos concluír que se cumpre con tódolos requisitos xerais das subvencións públicas que establece o Artigo 6 da Lei 9/2007. En concreto, consta a competencia do órgano concedente, a existencia de crédito adecuado e suficiente, a fiscalización previa dos actos e a aprobación do gasto polo órgano competente.

02 - Concesión e aprobación

Verificar a legalidade e regularidade do procedemento de concesión e aprobación das axudas

02.01 *Favorable*

O Convenio do 02 de setembro de 2016 establece as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Caza, para a realización de actividades de divulgación e fomento da actividade cinexética na comunidade Autónoma de Galicia. Acódesse a un procedemento de subvención directa xustificado polo carácter singular da subvencións e razóns de interese público.

02.02 Favorable

A instrución do procedemento corre por conta da Dirección Xeral de Ordenación da Conservación da Natureza, tal e como se prevé no convenio que establece as bases reguladoras. Da información dispoñible despréndese que o beneficiario cumpre tódolos requisitos para acceder á axuda e o órgano concedente dispón de tódolos datos necesarios para a sinatura do convenio.

02.03 Favorable

Estamos ante unha subvención de concesión directa na que se acreditan razóns de interese público que se instrumenta mediante convenio. No convenio asinado identifícase: Definición do obxecto da subvención e dos seus Beneficiarios; Crédito orzamentario a que se lle imputa o gasto e a contía da subvención; Compatibilidade con outras subvencións; Prazos e modos de pagamento da subvención; Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención; Obriga do reintegro e Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida. Por tanto, é conforme á prescrición dos artigos 37 e 40 do Decreto 11/2009.

03 - Execución

Verificar a legalidade e regularidade da execución do obxecto subvencionado

03.01 Favorable

Comprobamos in situ a execución efectiva en tempo e forma do obxecto que motiva a axuda. Esta constatación é coherente coa memoria xustificativa presentada polo beneficiario, que declara gastos por importe de 25.148,48 €. Analizada a xustificación presentada por beneficiarios distintos para gastos similares observamos unha similitude dos importes, do que se pode deducir unha adecuación dos prezos a custes de mercado. Por último, o beneficiario declara a non concorrencia doutras axudas co mesmo fin. Esta declaración é coherente coa revisión da contabilidade do beneficiario.



03.02 Favorable

O beneficiario cumpriu coas obrigas na xestión e aplicación da subvención. En concreto, verificamos que executou o proxecto que fundamentaba a concesión da subvención nas condicións esixidas no convenio de colaboración, presentou perante a Administración, en tempo e forma, a documentación requirida en relación coa xustificación da axuda, mantén os libros contables e a documentación vinculada ao expediente en condicións que permiten o seguimento da pista de auditoría e levou a cabo as medidas de publicidade do carácter público en cumprimento do establecido no Art 15.3 da Lei 9/2007.

03.03 Favorable

En tanto que a subvención outórgase para financiar a realización de actividades de divulgación e fomento da actividade cinexética na comunidade autónoma de Galicia, comprobamos que só se xustifican gastos relacionados con estes conceptos. A inversión realizada e de, 25.148,48 €. Analizados os documentos xustificativos dos gastos así como os xustificantes bancarios dos mesmos, comprobamos que responden de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e que se datan dentro do período establecido na cláusula novena do convenio. Por tanto, en base ao traballo desenvolvido, podemos concluír que os gastos presentados na xustificación polo beneficiario son subvencionables de acordo a normativa aplicable.

03.05 Favorable

Analizada a documentación da que dispón o organismo concedente, así como a documentación da que dispón o beneficiario, non atopamos evidencias que suxiran a obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión. O beneficiario cumpre cos requisitos necesarios para ter dita condición, os documentos xustificativos dos gastos responden aos conceptos subvencionados polas bases reguladoras e existen probas gráficas de que se cumpriu coa finalidade da subvención. Asemade, o importe dos gastos xustificados e por un importe superior o da subvención concedida, polo que puidemos comprobar de forma satisfactoria a aplicación íntegra das cantidades recibidas aos fins para os que esta se concedeu.

04 - Xustificación

Verificar a legalidade e regularidade da xustificación da subvención

04.01 Favorable



As bases reguladoras prevén a xustificación mediante a presentación de conta xustificativa a presentar antes do 15/11/2016. Tralo traballo desenvolvido, podemos concluír que o beneficiario entrega en tempo e forma toda a documentación xustificativa requirida polo órgano xestor nas bases reguladoras.

04.02 Favorable

Estamos ante una subvención outorgada a unha Federación Deportiva. Verificamos satisfactoriamente que a conta xustificativa axustase ao establecido no Decreto 193/2011. En concreto a xustificación inclúe: documentos acreditativos dos gastos xustificadas; Actas de os cursos; Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada. Por tanto, comprobamos que cumpre con todos o requisitos establecidos na normativa aplicable.

04.05 Favorable

Como consecuencia do traballo desenvolvido podemos concluír que o beneficiario cumpre cos requisitos establecidos polas bases reguladoras.

05 - Pago

Verificar a legalidade e regularidade do pago da subvención.

05.01 Favorable

O pago da axuda produciuse polo importe establecido na cláusula cuarta do convenio que establece as bases reguladoras. Mediante a documentación bancaria xustificativa do cobro da axuda aportada polo beneficiario, pódese comprobar que este é posterior a presentación da conta xustificativa da subvención, e por tanto, posterior ao desenvolvemento da actividade. O xestor comprobou antes do pago da axuda que o beneficiario estaba ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social. En consecuencia, podemos concluír que se comprobou a legalidade e regularidade do pago da axuda concedida.

4.3. CONCLUSIÓNS

Do estudo das constatacións referidas obtéñense as seguintes conclusións, en relación cos obxetivos planteados:

01 - Preparación

O Convenio de 02/09/2016 establece as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Caza cumpre con tódolos requisitos xerais das subvencións públicas que establece o Artigo 6 da Lei 9/2007. En concreto, consta a competencia do órgano concedente, a existencia de crédito adecuado e suficiente, a fiscalización previa dos actos e a aprobación do gasto polo órgano competente. Comprobouse ademais que na elaboración das bases reguladoras do Convenio respectouse o procedemento establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei.

02 - Concesión e aprobación

A axuda en análise concedeuse ao amparo das condicións establecidas na convenio asinado. A instrución do procedemento, desde o seu inicio ata a firma do convenio, completouse segundo as prescricións normativas.

03 - Execución

Analizada a execución da actividade subvencionada constátase a súa legalidade e regularidade. En concreto, comprobamos a subvencionabilidade dos gastos e verificamos o cumprimento polo beneficiario das súas obrigas respecto da aplicación da subvención.

04 - Xustificación

Estamos ante una subvención outorgada a unha Federación Deportiva. Verificamos satisfactoriamente que a conta xustificativa axustase ao establecido no Decreto 193/2011. En concreto a xustificación inclúe: documentos acreditativos dos gastos xustificandos; Actas dos cursos; Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada. Por tanto, comprobamos que cumpre con todos o requisitos establecidos na normativa aplicable.

05 - Pago

Das evidencias obtidas conclúese a legalidade e regularidade do pago da axuda concedida así como do pago a conta, que se producen trala execución e xustificación da axuda percibida



4.4. CADRO DE IRREGULARIDADES

Non constan irregularidades.

5. DITAMEN

Na nosa opinión, en base ao traballo realizado e descrito no epígrafes anteriores, evidenciouse a regularidade e legalidade do gasto.

6. RECOMENDACIÓNS

En base aos feitos manifestados e ás conclusións que deles se derivan, (non) resulta pertinente realizar recomendacións.

Recomendaciones